

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 11/05/2026**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11/05/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de maio de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2026/1396**

Dáse conta do escrito presentado por Casimiro Estévez Martínez en representación do Club Ciclista Xiabre, no que con motivo da organización da XXIX Marcha Cicloturista Arousá que se vai levar a cabo o vindeiro domingo 21 de xuño, solicita a autorización do Concello para a celebración da mesma, a colaboración da policía local e do servizo de protección civil, a autorización de uso dos vestiarios do pavillón municipal de Carril para os participantes na proba, tanto para cambiarse antes da proba 8:15 como para ducharse despois da mesma 13:45 horas, así como para a colocación dun palco para a entrega de trofeos, mesas para tomar uns petiscos os participantes na proba, a cesión de 6 carpas para colocar no recinto escolar do CEIP Rosalía de Castro e o arco hinchable da Fundación de Deportes.

Dáse conta de informe da Dirección Deportiva da Fundación de Deportes, e da Policía Local.

Dáse conta da resolución favorable da Presidencia da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada e que se dea conta aos distintos Servizos Municipais aos efectos da oportuna colaboración, sen prexuízo das correspondentes autorizacións das administracións públicas titulares das vías polas que se desenvolve a actividade, así como da Dirección do CEIP Rosalía de Castro.

### **PRP2026/1478**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Rodríguez Ureba en representación do Club Balonmán Arousa, no que solicita autorización de uso do parque A Xunqueira, para a celebración do III TORNEO DE BALONMÁN SANTA RITA, que se vai levar a cabo o vindeiro 30 de maio do presente ano, de 09:00 a 15:00 h. Así como a cesión do material que a continuación se relaciona:

- 4 porterías de balonmán coas correspondentes redes.
- 4 carpas, 3 mesas e 6 cadeiras.
- material para acotar a zona de xogo.

Asímesmo entregaránse 8 trofeos para os 1º,2º,3º e 4º clasificados das categorías alevín e benxamín. Solicitouse orzamento á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., para os 8 trofeos coas súas correspondentes gravacións, presentando un orzamento de 88,80 (IVE engadido).

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación

Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar ao Club Balonmán Arousa o uso do parque A Xunqueira, para a celebración do III TORNEO DE BALONMÁN SANTA RITA que se vai levar a cabo o vindeiro 30 de maio do presente ano e adxudicar o contrato menor de Subministración pola adquisición de 8 trofeos coas súas correspondentes gravacións á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L, por un importe total de 88,80 € (IVE engadido) de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

#### **PRP2026/1497**

Dáse conta de escrito presentado por Dna. Isabel Fernandez Moreira en representación dos Ingleses Rugby Club no que solicitan, autorización de uso do Campo de herba natural do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento da COPA XUNTA DE RUGBY 7, edición 2026, que se vai levar a cabo o vindeiro 16 de maio do presente ano en horario de 14:00 a 16:00 horas. Así como, concesión de trofeos e colaboración loxística que se detalla a continuación:

- Autorización de uso da casa de Cultura de Fontecarmoa para o sábado 16 de maio en horario de 09:00 a 21:00.
- Cesión de 8 carpas, 8 mesas, 16 cadeiras e instalación dun palco.
- Cesión do arco de saída.
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Cesión dun equipo de son.
- Autorización do peche ao tráfico da Rúa Camilo Jose Cela dende a entrada ao Estadio de Atletismo no horario de 08:30 a 21:00 hora para o sábado 16 de maio de 2026.
- Concesión de 8 trofeos para o 8 equipos finalistas.

Solicitouse orzamento á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., para os 8 trofeos coas súas correspondentes gravacións, presentando un orzamento de 167,00 € (IVE engadido).

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a os Ingleses Rugby Club o uso do Campo de herba natural do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento da COPA XUNTA DE RUGBY 7, edición 2026

que se vai levar a cabo o vindeiro 16 de maio do presente ano e adxudicar o contrato menor de Subministración pola adquisición de 8 trofeos coas súas correspondentes gravacións á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L, por un importe total de 167,00 € (IVE engadido) de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

#### **PRP2026/1548**

Dáse conta do escrito presentado por Alba Piñeiro Lago en representación da Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra, solicitando autorización para ocupación de vía Pública na Praza de Galicia, coa colocación dun stand con folletos informativos para a sensibilización e prevención contra a sumisión química na mocidade, o día 23 de maio de 2026.

Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2026/1451**

Dáse conta da Proposta do Servizo de Obras, en relación á necesidade de executar actuacións de reparación na cuberta do Museo do Ferrocarril co fin de eliminar as filtracións de auga existentes, asegurando así o seu correcto uso e conservación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Reformas Trebol, S.L. por un importe total de 4.477,00 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 432.212, polos traballos de reparación da cuberta do Museo do Ferrocarril, consistentes en:

- Desmontaxe dos remates na cuberta.
- Preparación dos chapados a base de tela de PVC nas dúas vertentes da cuberta no lado dereito do edificio.
- Colocación dos remates desmontados.
- Selado da velux pola que entra auga.
- Inclúe a máquina elevado e/ou andamios necesarios para a execución dos traballos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1453**

Dáse conta da Proposta do Servizo de Vías Públicas en relación coa necesidade de mellora do sistema de climatización da nave do Servizo de Vías Públicas. A nave do Servizo de Vías Públicas presenta deficiencias nos sistemas de climatización. Na planta baixa, os radiadores eléctricos dos vestiarios atópanse inoperativos e na planta superior, as oficinas dispoñen de acumuladores de calor obsoletos e pouco eficientes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SUBMINISTRO E INSTALACIONES ABALO, S.L. por un importe de 11.240,90 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 1530.62300, polo suministro de material e man de obra para a climatización dos vestiarios de homes e mulleres da planta baixa e das oficinas da planta superior.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1568**

Dáse conta da Proposta do Servizo Municipal Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo en relación coa necesidade de substitución do pavimento nos vestiarios situados nos baixos do Auditorio, onde se atopan os departamentos de alumeado, parques e xardíns e medio ambiente, debido ao deterioro do pavimento actual.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Maderas y Derivados, S.L., por un importe total de 3.040,71€ (IVE incluído), con cargo ás partidas orzamentarias 165.63200 (1.013,57 €), 1720.63200 (1.013,57 €) e 171.63200 (1.013,57 €) polo suministro de tarima e materiais complementarios para a substitución do pavimento nos vestiarios situados nos baixos do Auditorio, onde se atopan os departamentos de alumeado, parques e xardíns e medio ambiente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/1569**

Dáse conta da Proposta do Servizo Municipal Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo, na que se indica o seguinte:

Os bombeos de Santamariña 1 e Composán presentan avarías nas súas bombas, o que impide o correcto funcionamento do sistema de saneamento.

No caso de Santamariña 1, a bomba atópase avariada, sendo necesaria a súa reparación para restablecer o servizo no menor tempo posible.

No bombeo de Composán, a bomba presenta igualmente deficiencias graves de funcionamento, polo que resulta imprescindible a súa reparación para garantir a evacuación adecuada das augas residuais.

A situación actual pode provocar problemas no sistema de saneamento, especialmente en episodios de choiva, co risco de vertidos ao medio natural.

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Espina y Delfín, S.L.Via Edison, 9. Pol. Ind. Tambre. Santiago de Compostela, para a reparación de dúas bombas nos bombeos de Santamariña 1 e Composán, por un importe total de 4.135,42 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 160.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/1570**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso, en representación do grupo municipal de EU, solicitando copia do informe socioeconómico elaborado por RENTE A BRAIN CONSULTORES en 2023 para a redacción do informe socioeconómico para a posta en marcha das actuacións contempladas no obxectivo temático 9 inclusión social loita contra a pobreza na EDUSI "VILAGARCÍA AVANZA".

A Xunta de Goberno Local acorda poñer á súa disposición, no departamento de contratación, a documentación solicitada onde poderá examinala.

**PRP2026/1571**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso, en representación do grupo municipal de EU, solicitando copia do proxecto encargado polo goberno local en 2018 para a rehabilitación do hórreo da Xunqueira.

A Xunta de Goberno Local acorda poñer á súa disposición, no departamento de contratación, a documentación solicitada onde poderá examinala.

**PRP2026/1581**

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigação a favor de Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2026, con cargo á partida 342.410.

**PRP2026/1582**

Dáse conta da Proposta do Servizo Municipal de Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo en relación coa necesidade de contratación do servizo de limpeza diaria de mantemento dos novos vestiarios situados nos baixos do Auditorio Municipal

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa CLECE S.A., por un importe total de 494,59 € mensuais (IVE incluído), ata o 31 de agosto do presente ano, con cargo ás partidas orzamentarias 165.22700 (164,86 €), 1720.22700 (164,86 €) e 171.22700 (164,87 €) polo servizo de limpeza diaria de mantemento dos novos vestiarios situados nos baixos do Auditorio Municipal.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

### **PRP2026/1593**

Dáse conta da proposta da Alcaldía para a reposición do antigo escudo do Concello de Vilaxoán na praza de Rafael Pazos, debido ao seu deterioro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Obras e Proxectos Gomacons S.L., para a elaboración dun pavimento gravado en granito gris Alba, que reproduce fielmente o escudo histórico, para cubrir unha superficie de 420x360cm e espesor 8 cm, por un importe total de 18.125,80 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 336.61900.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2026/1526**

A Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2026, acordou autorizar o gasto correspondente ao servizo de 1 autobús para a visita á Colexiata do Sar en Santiago de Compostela, por un importe total de 400€ IVA incluído, coa empresa EMPRESA PEREIRA SL, CIF: B36030997, con cargo á partida 320.22610.

Debido ao elevado número de inscricións rexistradas (79 persoas), resulta insuficiente o servizo de transporte inicialmente aprobado.

Para garantir o traslado de todas as persoas participantes en condicións axeitadas, a empresa EMPRESA PEREIRA SL (CIF: B36030997) presenta un novo orzamento que contempla a contratación de dous autobuses: un de 55 prazas e outro de 35 prazas.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a modificación do gasto correspondente ao servizo de transporte para a saída á Colexiata do Sar, en Santiago de Compostela, prevista para o día 28 de abril dentro da formación “Camiños de Coñecemento”.

Esta modificación supón a substitución do orzamento inicialmente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13/04/2026, por importe de 400,00 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 320.22610, polo novo orzamento presentado pola empresa EMPRESA PEREIRA SL (CIF: B36030997), por importe de 780,00 € (IVE incluído), con cargo á mesma aplicación orzamentaria, ao que a Xunta de Goberno Local lle presta aprobación.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **MERCADOS**

#### **PRP2026/1576**

Dáse conta do escrito presentado por Amine Toubi el Yazizi, con nif 60286199W, solicitando un posto de venda ambulante, no mercado semanal, para venda de roupa.

Dáse conta de informe do Xefe de Mercados, no que se indica que:

Actualmente está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, por estar fóra do prazo preceptuado no Regulamento de Venda Ambulante, e en espera se

despois da próxima renovación de licenzas de venda ambulante, se licita algún posto libre do mercado.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2026/1524**

A Concellería de Servizos Sociais propón á Xunta de Goberno Local a modificación do acordo de data 23 de marzo de 2026 no relativo á adxudicación do servizo de comedor do Campamento Urbano de Verán no CEIP A Lomba destinado a nenos e nenas de tres a seis anos a cargo á partida 231.22610, debido a que a empresa adxudicataria (Chicolino) JOSÉ FAJARDO S.L. B 15320187, renunciou á prestación do servizo de comedor no devandito campamento, por mor da imposibilidade de realizar o traballo este ano.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Deixar sen efecto a adxudicación do servizo de comedor do Campamento Urbano de Verán no CEIP A Lomba a favor de JOSÉ FAJARDO S.L. B 15320187, e adxudicar o citado servizo, por un importe total estimado de 9.982,50 € (ive do 10% engadido) a favor da empresa: GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS S.L.U, con CIF.: 36253177, con cargo á partida 231.22610.

Dado que o orzamento estimativo aprobado pola Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2026, ascendía a un total de 11.220 € (ive engadido), existe unha diferenza a favor do concello de 1.237,50 €, polo que se acorda o reintegro do importe sobrante á partida orzamentaria indicada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1616**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude, organiza un programa de Campamento Urbano de verán: Naturarte verán 2026 destinado a rapaces/as nados entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2019.

Esta actividade campamental consiste no desenvolvemento dun programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia e á mocidade que ten entre os seus fins promover que os/as máis mozos/as poidan gozar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas medioambientais, de coñecemento e protección e promoción do patrimonio natural, artístico e histórico e lingüístico de Vilagarcía e a súa contorna.

Ao mesmo tempo, preténdese facilitar a conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais que garanta a igualdade de oportunidades.

Ofértase un programa de campamento urbano de verán: Naturarte verán 26 con 50 prazas. Do total das prazas ofertadas, 15% serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do concello.

O campamento desenvolveranse nas seguintes quendas de xullo e agosto de 2026 e nas seguintes instalación: Escola Municipal de Música Bernardo del Río ademais de na Illa de Cortegada, Castro de Alobre; parques e xardíns, praia Compostela, Museo do Ferrocarril, Concello etc, e outros puntos da contorna natural de Vilagarcía:

Poderase elixir entre participar todo o período: do 1 de xullo ao 14 de agosto, (de luns a venres (días laborables), ou elixir unha ou varias quendas que serían as seguintes:

Quenda do 1 ao 15 de xullo (de luns a venres)

Quenda do 16 ao 31 de xullo (de luns a venres)

Quenda do 3 ao 14 de agosto (de luns a venres)

Horario: de 9.00h a 14.00 h

Lugar: Dúas Aulas (unha delas e o salón de actos da escola e a outra é a aula infantil de música e movemento que están na planta Baixa do centro educativo) da Escola de Música Bernardo del Río e espazos naturais e históricos da contorna de Vilagarcía.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á empresa Corticata Turismo Medioambiental, SL, a monitoraxe do Campamento Urbano de Verán: Naturarte Verán 2026, por un importe total de 14.575,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, de conformidade co orzamento presentado.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

Contratación de monitoraxe titulado.

Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

2.- Adxudicar á Empresa Clece SA, servizo de limpeza e material hixiénico da Escola de Música Bernardo del Río, por un importe total de 2.656,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22799, de conformidade co orzamento presentado.

3.- Aprobar as bases públicas do Servizo de Campamento Urbano de Verán: Naturarte 2026.

4.- A colaboración da Policía Local e Protección Civil nalgúns dos desprazamentos das actividades campamentais.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2026/1514**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL (CIF B36892016), para instalación de 40 paneis informativos nos parques infantís municipais, por un importe total de 1.275,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1512**

Os días 28.04.2026 e 29.04.2026 a empresa Espina&Delfin SL presentou sendos escritos neste Concello polo que se comunicaba o seguinte:

“No día 28/04/2026 detectouse a entrada dun vertido non autorizado cun forte olor no pretratamento da EDAR de Vilagarcía de Arousa, descoñecéndose a súa procedencia. Este tipo de vertidos pode dar lugar a desequilibrios na planta, podendo chegar a provocar uns malos resultados analíticos.

Sería aconsellable que se fixera un seguimento augas arriba da rede por parte dos traballadores do saneamento para tratar de localizar o punto de vertido”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **CULTURA**

#### **PRP2026/1521**

Vista a solicitude de Dona Maria Dolores Ramos Cascallar, en representación da Asociación Cultural As Gharbosas, con motivo da celebración da I Foliada do Piñeiro o vindeiro día 13 de xuño de 2026, en horario de 11:00 a 00:00 h. no Parque de O Piñeiriño (zona de pista de fútbol e espazos anexos), e vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o gasto da actuación da Asociación Cultural Cantareiras Bulideiras de Fontecarmoa, G94093598 por importe de 350,00€ o vindeiro día 13 de xuño de 2026 na I FOLIADA DO PIÑEIRIÑO con cargo partida orzamentaria 334-22609.

- A colaboración e apoio dos distintos servizos do Concello infraestruturas, equipamento técnico,

loxística.

Autorización para ocupación de espazo público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- Prohibición de estacionamento na Rúa do Parque (marxe dereito pegado ao parque) dende o venres 12 de xuño ás 8:00 h. ata o domingo 14 de xuño ás 16:00 hs. (montaxe e desmontaxe de infraestrutura)

- Autorización para instalación da carpa (12-06-2026)

- Equipo de son: 2 micrófonos cos correspondentes pes de micro e 6 pes de micro extra.

- Un grupo electrógeno co depósito cheo e 1 bidón de 5 l.

- Toma de auga para a barra (área gastronómica)

- Escenario elevado de 9 m x 6 m.

- Cadeiras plásticas (50)

- Mesas plegables plásticas (8)

- Carpas de 3 m x 3 m (10)

- Valados metálicos móbiles (20)

- Impresión de 100 cartazas (50 pegada bata e 50 pegada propia da asociación, coa opción de solicitar máis se fose preciso)

- Lona identificativa co nome do evento "i foliada do piñeiriño"

- Limpeza e acondicionamento do espazo: desbroce, retirada de pedras, revisión de buratos e limpeza xeral da zona)

- Colectores grandes para a separación de residuos (1 de vidro, 2 plástico e 1 xeral)

(Dar traslado das necesidades indicadas no escrito presentado pola entidade e relacionadas, aos diferentes departamentos cuxa colaboración se require (comunicación, obras, electricidade, medio ambiente, policía local, protección civil- urbaser)

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2026/1522**

Vista a solicitude de D. Marcos Rodríguez Arias, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Cea, o vindeiro día 28 de xuño de 2026:

- Actuación da Asociación Cultural Folklórica Os Terribles de Arousa - Grupo de Gaitas, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer

constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2026/1523**

Por Dona Maria Pilar Margharetto Rodrríguez solicítouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o día 11 de abril de 2026, para a actuación de SAVOY CLUB BIG BAND, (Antoloxía do Bolero), cun prezo de entrada De Zona A: 30,00€, Zona B: 25,00€, Zona C: 20,00€ (máis gastos de xestión), e sendo a recadación obtida pola venda de entradas para o solicitante. O trámite para autorización de uso de instalación municipal, neste caso do Salón de Actos do Auditorio, non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, neste caso Salón de Actos do Auditorio, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2026/1662**

Vista a solicitude de Dona Laura Maria Navia García, en representación do Club San Martín de Vilaxoán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dos actos do 75 aniversario do Club de Fútbol o día 9 de maio de 2026:

- Actuación da Asociación de Música Tradicional A Queimada, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2026/1511**

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Obras Públicas na que se indica:

En moitas ocasións recíbense chamadas no concello de Vilagarcía de Arousa de cidadáns reclamando a colocación dalgún banco na súa rúa, ou a substitución de outros que xa están deteriorados.

Coa finalidade de atender estas necesidades de xeito inmediato propónse a adquisición de 24 bancos de dous modelos, co fin de integralos no ambiente en que vaian a situarse, que se almacenarán nas dependencias do servizo municipal de obras.

Solicítase orzamento á empresa TARRIO Y SUAREZ S.L. a cal presentou o seguinte:

- TARRIO Y SUAREZ, SL, orzamento de 24 bancos (12 DO MODELO MODO e 12 MODELO ALP 2400) que ascende á cantidade de 12.375,92 € (sen IVE) e 14.974,86 € (IVE incluído).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO- 24 BANCOS” á mercantil : TARRIO Y SUAREZ, SL, que inclúe 24 bancos (12 do modelo MODO e 12 do modelo ALP 2400) polo prezo de 12.375,92 € (sen IVE) e 14.974,86 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 1530-62500 e Proxecto de Gasto: 2025/2/PREST/15.

### **PRP2026/1528**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución presidencial nº 2026003330 da Deputación Provincial de Pontevedra, do 28 de abril de 2026, mediante a cal se aproba a distribución do crédito entre os concellos da provincia, do Plan Extraordinario Vía Depo:

"Servizo	COOPERACIÓN
Expediente	2026030291
Plan	PLAN EXTRAORDINARIO vÍA DEPO
Asunto	REPARTICIÓN DO CRÉDITO TOTAL

O obxecto de dito plan é a cooperación económica cos concellos da provincia para a mellora da rede viaria municipal incidindo tanto na funcionalidade como na seguridade, dada relevancia estratéxica das infraestruturas viarias para garantir a conectividade territorial, o acceso a explotacións, aos puntos de interese turístico e aos recursos naturais tanto no interior como nas zonas de costa.

Trala repartición do crédito correspóndelle ao Concello de Vilagarcia de Arousa a cantidade de 164.034,07 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2026/1567**

Dáse conta da proposta do Alcalde para adxudicar o contrato mixto de implantación dun sistema de xestión do aparcadoiro público Xoán XXIII do Concello de Vilagarcía de Arousa, na que se indica o seguinte:

Por Resolución de Alcaldía, ditada con data 30 de setembro de 2025, aprobouse o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato mixto denominado Implantación dun sistema de xestión do aparcadoiro público Xoán XXIII do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CAME PARKARE GROUP, CINNIA TECH, MAQUINARIA ESTACIONAMIENTOS Y PARKIMETROS, S.L., ORBILITY SPAIN S.L. e SKIDATA IBERICA, S.L.

O órgano de asistencia, en base ao informe emitido o 15 de decembro de 2025 polo enxeñeiro Xefe do Departamento de Informática do Concello de Vilagarcía de Arousa, sobre o cumprimento do Prego de Prescricións Técnicas das ofertas técnicas, e as aclaracións presentadas polos licitadores, acordou, na súa sesión de data 16 de decembro de 2025, a exclusión da licitación da mercantil Cinnia Tech por incumprir a cláusula 7.4 do prego de prescricións técnicas.

Na referida sesión da Mesa de Contratación, de data 16 de decembro de 2025, de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro Xefe do Departamento de Informática do Concello de Vilagarcía de Arousa, de valoración das proposicións técnicas de acordo aos criterios do PCAP, o órgano de asistencia outorgou as seguintes puntuacións ás ofertas técnicas:

NIF: B97894273 CAME PARKARE GROUP:

- Oferta técnica: 40.5 puntos

NIF: B63650071 MAQUINARIA ESTACIONAMIENTOS Y PARKIMETROS, S.L.:

- Oferta técnica: 39.5 puntos

NIF: B92353770 ORBILITY SPAIN S.L.:

- Oferta técnica: 36.5 puntos

NIF: B85298669 SKIDATA IBERICA, S.L.:

- Oferta técnica: 39.5 puntos

Os licitadores admitidos do contrato de referencia presentaron as ofertas relativas aos criterios

avaliados automaticamente, que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Oferta económica con IVA	Incremento prazo garantía equipamento e período soporte e mantemento en 1 ano	Aumento do prazo de soporte, mantemento e explotación	Instalación de 3 cámaras panorámicas de vídeo vixilancia de alta resolución (1 por planta)	Instalación das cámaras de vídeo vixilancia de alta resolución necesarias que permitan ter unha visión dos vehículos que estacionen no parking
MAQUINARIA ESTACIONAMIENTOS Y PARKIMETROS, S.L	87.975€	106.449,75€	SÍ	SÍ (2 ANOS)	SÍ	SÍ
